

VI ANDAINA DE MOREIRAS

Despois do éxito obtido nas edicións anteriores, o día 12 de outubro celebrárase a sexta Andaina de Moreiras. Na proba, organizada pola Asociación de Veciños de San Pedro de Moreiras e a Comunidade de Montes en Man Común Moreiras-Trelle colaboran, como xa fixerán en anos anteriores o **Concello de Toén**, **Protección Civil de Toén**, **Redonet**, **Coca-Cola e Activ3**.

Esta sexta Andaina de Moreiras mantén o itinerario das últimas edicións transcurrido por lugares que, os que participades por primeira vez, seguro non podíades imaxinar que houbera por aquí, tanto polas formacións xeolóxicas que poderedes contemplar coma polo tipo de bosque espeso e sombrío nunhos casos e sempre variado. O asfalto será o imprescindible para atravesar os pobos, e os camiños agradables.



Saíremos de Moreiras onde poderedes contemplar a súa igrexa e arquitectura popular. Chegaremos logo a Murgares coa súa igrexa do s. XVI, casa rectoral, pombal espectacular, fonte medieval, etc. Pasaremos por Fondón, Toén, Trellema e Trelle, para rematar de novo en Moreiras. **Boa andaina!**

REGULAMENTO

1- PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas as persoas maiores de idade inscricias e menores a partires de 14 anos acompañados por un adulto ou sos con permiso por escrito dos pais ou tiores- Menores de 14 anos obrigatoriamente acompañados dos pais ou tiores.

2 - DORSAIS

Será obrigatorio levar o dorsal posto durante toda a andaina xa que é un elemento imprescindible para levar control da proba.

3 - ITINERARIO

Estará sinalizado. En caso de que alguén se perda, debe volverse atrás até encontrar de novo os sinais. Se non hai máis remediado, pode porse en contacto coa organización ou co 112 indicando que se está a participar na andaina.

5 - CONTROIS

Estarán situados nos puntos de avituallamento polos que é obrigatorio pasar e acreditarse.


6 - OBSERVACIÓNS

Recoméndase a todos os participantes que midan as súas forzas. Se en calquera momento da proba algún/ha participante se amosa canso ou sofre algunha lesión de importancia, debe comunicalo a outro participante ou, se é posible, achegarse até ó control máis próximo. A organización disporá dun servizo de controis itinerantes para solucionar este tipo de incidencias. É recomendable que os participantes dipoñan dunha licenza federativa ou contengan un seguro para o suposto de calquera accidente ó longo do percorrido.

O responsable de control e os camiñantes poderán retirar da proba a calquera participante se consideran que o seu estado físico así o aconsella ou se vai máis lento do normal

RESPONSABILIDADES

A organización declina toda responsabilidade no caso de accidente ou negligencia. Os participantes exoneran a organización de toda responsabilidade no caso de accidente ou lesión.



BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Os datos facilitados neste boletín son necesarios para procesar a inscrición de cada participante na VI Andaina de Moreiras. A Asociación de Veciños como responsable do tratamento dos mesmos, comprométese a non cedelos a terceiros e, unha vez finalizada a Andaina, proceder a súa destrución. Na nosa web pode atopar a política de privacidade da Asociación de Veciños: <https://www.moreiras.org/politica-de-privacidade/>

Apelidos: Nome:
NIF: Data de nacemento:
Enderezo: Código Postal:
Poboación: Provincia:
Teléfono de contacto: E-mail:

Coñezo e acepto as condicións de participación e protección de datos.

DATA: 12 de outubro de 2018.

ENTREGA DE DORSAIS:

8:15 horas na Casa de Cultura de Moreiras.

SAÍDA:

9:00 Horas - Casa de Cultura de Moreiras.

PERCORRIDO

Un circuito principal de 26,5 quilómetros que, con saídas ós 14 e 21, percorre Moreiras, Murgares, Fondón, Toén, Trellerma e Trelle.

DIFICULTADE : Media/Alta.

NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES:

300

INSCRIPCIÓN

- No Concello de Toén.
- En Redonet.
- Na Casa de Cultura de Moreiras.
(Luns e mércores de 17:00 a 19:00)
- No Banco Sabadell.
Cta. E598 0081 2167 8800 0600 6511.

Deberase enviar copia do ingreso e do D.N.I. a andaina@moreiras.org
Non se aceptarán inscricións bancarias que non cumplan iste requisito.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN:

Até o día 7 de outubro as 14:00 h.

PREZO DA INSCRIPCIÓN

10 €. Inclúe a participación na comida que se celebrará despois da proba.

 <http://www.moreiras.org>

 <https://www.facebook.com/asociacion.de.vecinos.de.moreiras/>
 [@asvernoreiras](https://twitter.com/asvernoreiras)



VI ANDAINA DE
MOREIRAS

12 de outubro de 2018

